



ILTMO. CONCELLO DE CANGAS
(Pontevedra)

A Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 12.08.2009, adoptou entre outros o seguinte acordo:

Primeiro.- Adxudicar provisionalmente a execución da obra “PASEO MARÍTIMO NA PRAIA DO SEÑAL”, á mercantil CONSTRUCTORA ROELJU S.L., con CIF B-36335198, e domicilio social na Rúa Reboredo n.º 22, baixo, (CP 36940) de Cangas, no prezo total de dous centos dez mil euros (210.000 €) e un prazo de execución de TRES MESES.

Segundo.- Nomear directora de obra á arquitecta municipal redactora do proxecto, dona María Isabel Medraño Fariña.

Terceiro.- Publicar o presente acordo no Perfil do Contratante e notificar o mesmo á empresa adxudicataria e á directora da obra.

Cuarto.- Conceder un prazo de 10 días hábiles contados a partir do seguinte á publicación deste acordo no Perfil do Contratante, para que a empresa adxudicataria cumpra cos seguintes trámites:

- Achegar a documentación xustificativa de estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias co Estado, Seguridade Social, Xunta de Galicia e Concello de Cangas.
- Constituír garantía definitiva por importe do 5 % do prezo de adxudicación excluído o imposto sobre o valor engadido.

O que se fai público no Perfil do Contratante aos efectos oportunos.